

Traballo sobre os golfiños. Repaso do tema dos seres vivos. 3º Ed. Primaria

Un saúdo para os meus alumnos: Alessia, Ángela, Manuel, Hassan.

Non imos seguir avanzando temario, e agora mandovos un traballo sobre como se comunican os golfiños. Dito traballo podédelo completar aquí ou quitarlle fotos e enviarmo ata o 5 de Xuño.

Moito ánimo que xa queda pouco

Como se comunican os golfiños?

Le este texto:

Os golfiños poden emitir moitos sons variados e interpretar o eco que se produce ao chocaren eses sons cos corpos que están arredor deles. Este proceso coñécese co nome de **ecolocación**.

O golfiño pode saber a distancia a que se atopa un obxecto ou outro ser vivo segundo o tempo que tarda en volver o son que produciu. Canto mais lonxe se atopa , mais tarda en oír o eco. A medida que a distancia diminúe , o tempo que tarda en volver tamén é menor. Así ,o golfiño obtén información sobre a localización dos corpos que ten arredor.

Ademais de poder determinar a distancia , o rumbo , o tamaño e ata a textura de diferentes obxectos, a ecolocación tamén serve para comunicarse.



Contesta estas preguntas: Mira no libro no tema seres vivos

1- Que tipo de animal é un golfiño? Describe as súas características

2-A que chamamos ecolocación?

3-Para que lles serve aos golfiños a ecolocación?

4- Observa a imaxe e inventa un diálogo entre o golfiño e o neno.



Mira este video:

<https://www.youtube.com/watch?v=oTYmYVtohAI>

Contesta:

1-Os golfinhos teñen nariz?

2- Como se chama o orificio por onde respiran?

3-A cantos metros poden sumerxirse?

4-Explica como dormen

5-Cal é o seu tamaño e canto poden pesar

